

CAMPAÑA DE ASISTENCIA TÉCNICA A EMPRESAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Estimado Sr./Sra:

A **Inspección de Trabajo e Seguridade Social**, en colaboración coa **Secretaría Xeral de Emprego e Igualdade** da Xunta de Galicia e o **Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)**, está a desenvolver unha **campaña de asistencia técnica con ocasión de apertura de novos centros de traballo**, co fin de facilitarlles un **mellor cumprimento das súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais**.

É por isto que nos diriximos a vostede para lembrarlle as principais obrigas nesta materia, de acordo co establecido na **Lei 31/1995, do 10 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais**.

PRIMEIRO:

Lembrarlle que a prevención de riscos laborais deberá integrarse no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos desta, a través da **implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais**. Este plan de prevención de riscos laborais deberá incluír a estrutura organizativa, as responsabilidades, as funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para realizar a acción de prevención de riscos na empresa.

A organización desta actividade preventiva poderá realizarse en calquera das formas que permita a normativa vixente de acordo coas características da empresa:

- **O desempeño polo propio empresario,**
- a través **dun ou varios traballadores designados,**
- a constitución dun **servizo de prevención propio,**
- ou recorrendo a un **servizo de prevención alleo,**

debéndose priorizar, na medida do posible, o uso de medios propios da empresa fronte ao recurso a medios externos.



SEGUNDO:

Ten a obriga de adoptar as medidas adecuadas para que **os traballadores e traballadoras reciban toda a información necesaria en relación cos riscos para a súa seguridade e saúde no traballo**, tanto aqueles que afecten á empresa no seu conxunto como a todo tipo de posto de traballo ou función; as medidas e actividades de protección e prevención aplicables a estes riscos e as medidas de emerxencia adoptadas.

TERCEIRO:

Deberá garantir que **cada traballador e traballadora reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada, en materia preventiva**, tanto no momento da súa contratación, calquera que sexa a modalidade ou duración desta, como cando se produzan cambios nas funcións que desempeñe ou se introduzan novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.

A formación deberá estar centrada especificamente no posto de traballo ou función de cada traballador ou traballadora, adaptarse á evolución dos riscos e á aparición doutros novos e repetirse periodicamente se fose necesario.

CUARTO:

Recordarlle a obriga de **garantir aos traballadores e traballadoras a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo**.

Polo xeral, esta vixilancia só poderá levarse a cabo cando o traballador ou traballadora preste o seu consentimento. Deste carácter voluntario só se exceptuarán, previo informe dos representantes dos traballadores e traballadoras, os supostos nos que a realización dos recoñecementos sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores e traballadoras ou para verificar se o seu estado de saúde pode constituír un perigo para este, para os demais traballadores e traballadoras ou para outras persoas relacionadas coa empresa ou cando así estea establecido nunha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e actividades de especial perigo.

En todo caso, estas obrigas teñen carácter xenérico e serán complementadas con aquelas que se refiran especificamente ao tipo de empresa, tamaño, sector de actividade e normativa sectorial específica.

Pode obter máis información relacionada coa prevención de riscos laborais na súa empresa nos seguintes organismos:



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) :

<https://issga.xunta.gal/>

Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no traballo (INSHT) :

<https://www.insht.es/>

Autoridade laboral:

<https://www.xunta.gal/prevencion-de-riscos-laborais/plan-de-prevencion>

Un cordial saúdo,

A xefa da Unidade Especializada de
Seguridade e Saúde Laboral
Inspección Provincial de Traballo
e SS de Pontevedra

A xefa territorial da Consellería de
Promoción do Emprego
e Igualdade

Carolina Álvarez Landesa

Marta Mariño Regueiro

